

VOCABULARIO.

BLOQUE 1

1. Proxección cartográfica. Sistema de transformación empregado para realizar a representación gráfica que establece unha relación ordenada entre os puntos da superficie curva da Terra e a súa representación nunha superficie plana. Hainas de distintos tipos: a cilíndrica tradicional de Mercator, a axustada de Gall-Peters, a cónica ou mesmo a visión do océano mundial proposta por Spilhaus.

2. Ortofoto.- Fotografía aérea dixitalizada que se ten corrixido xeometricamente para eliminar distorsións -como a orientación da cámara ou as diferenzas de elevación. As ortofotos presentan a mesma escala en toda a superficie e poden usarse como mapa.

3. Sistema de información xeográfica (SIX).- Colección integrada de software e datos informáticos utilizados para visualizar e administrar información sobre lugares xeográficos. Un SIX proporciona un marco para recopilar e organizar datos espaciais e información relacionada para que se poidan amosar e relacionar.

4. Fondos estruturais: Fondos da UE que funcionan de modo conxunto para apoiar a cohesión económica, social e territorial, coa finalidade de lograr un crecemento intelixente, sostible e integrador. Entre eles cabe citar o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) ou o Fondo Social Europeo (FSE).

5. Movementsos antiglobalización.-Son unha corrente de protesta mundial que inclúe a dúcias de grupos de diferentes países que teñen en común o seu rexeitamento ao capitalismo e ao modelo neoliberal (baseado nunha política macroeconómica que pretende reducir ao mínimo a intervención estatal en materia económica e social). Nestes movementos danse cita colectivos que inclúen sindicatos, intelectuais de esquerda, ecoloxistas, indixenistas ou grupos desfavorecidos que acusan ao sistema económico de amoral e inxusto.

6. Obxectivos de desenvolvemento sustentable.- Son obxectivos fixados pola ONU coa finalidade de mellorar as condicións humanas globais (erradicar a pobreza extrema e a fame; lograr o ensino primario universal; promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller; reducir a mortalidade infantil; mellorar a saúde materna; combater a SIDA, paludismo e outras enfermidades; garantir a sustentabilidade do medio ambiente; fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento).

7. Parroquia.- É unha unidade administrativa de base relixiosa, que organiza o territorio a partir dos membros pertencentes a unha mesma freguesía. Esta institución apareceu en Galicia na época sueva e mantense ata a actualidade.

8. Municipio.- E a entidade territorial básica, onde se asenta a poboación; ten competencias da administración local: seguridade en lugares públicos, ordenación do tráfico de vehículos e persoas, protección civil, prevención e extinción de lumes, planeamento urbano, parques e xardíns públicos, pavimentación e conservación das rúas e vías rurais, tratamento de augas residuais, etc. En España hai máis de 8.000 municipios.

9. Provincia.- Entidade local con personalidade xurídica propia, segundo a Constitución de 1978. Constitúe unha agrupación de municipios que se creou por primeira vez coa división de Javier de Burgos en 1833. Hai 50 provincias na España actual.

10. Comunidade autónoma.- Entidade territorial que está dotada de goberno autónomo, con capacidades executivas, lexislativas e xudiciais establecidas nun Estatuto de Autonomía. A estrutura de España na Constitución de 1978 fixa a existencia de 17 CCAA, ás que se engadiron máis tarde 2 cidades autónomas (Ceuta e Melilla).

11. Espazo Schengen.- Conxunto dos territorios dos Estados europeos -membros ou non da UE- nos que se aplica a supresión de controis nas fronteiras interiores e as persoas circulan libremente. Foi previsto no Acordo de Schengen de 1990; entrou en vigor en 1995.

12. BRIC'S.- Siglas que fan referencia ao conxunto de países formados por Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica. É o grupo de países máis adiantados dentro das economías emerxentes. É unha asociación político-económico-social que, en 2024, se ten ampliado co ingreso de Arxentina, Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos, Irán, Exipto e Etiopía. Coa súa asociación, pretende un maior equilibrio dentro da economía mundial.

13. G-20.- Grupo de discusión económica, formado por 19 Estados, máis a Unión Europea onde se reúnen regularmente, dende 1999, xefes de Estado, gobernadores centrais e ministros de finanzas. Intégranos os países máis industrializados do G7, xunto con outros emerxentes de distintos continentes, e teñen por obxectivo coordinar medidas para impulsar o crecemento e intercambio económico mundial.

14. Banana Azul. Concepto proposto por Brunet nos anos 1980, que sinalaba a área de concentración demográfica e económica do eixo Londres-Milán. O declive industrial de áreas do Ruhr alemán ou a pujanza de novas rexións de Europa central e oriental e cidades como Barcelona, Dublín ou Praga desvirtúa este concepto que se asociou á área de maior dinamismo tradicional en Europa.

15. Brexit. Proceso de saída do Reino Unido da estrutura da Unión Europea, sancionado en 2020 polos británicos -que abandonaron así o mercado único-, despois do resultado maioritario do referéndum de 2016.

BLOQUE 2

16. Paisaxe.- É o aspecto que adquire o espazo xeográfico. Defínese polas súas formas: naturais ou antrópicas. Toda paisaxe está composta por elementos que se artellan entre sí. Estes elementos son de tres tipos: abióticos (non vivos), bióticos (resultado da actividade dos seres vivos) e antrópicos (resultado da actividade humana).

17. Aluvián.- Depósito de materiais detríticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

18. Meseta.- superficie plana de gran extensión, horizontal ou lixeiramente ondulada, elevada con respecto ao nivel do mar. Apenas presenta accidentes topográficos de importancia e os seus rebordos poden ser montañosos. En España é a unidade principal do relevo peninsular, resto do antigo macizo xurdido na oroxenia hercíniana, que foi arrasado pola erosión, e afectado e deformado polo movemento alpino que fixo xurdir os seus sistemas interiores e os rebordos montañosos.

19. Tectónica de placas.- Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

20. Glaciar: Masa de xeo acumulada nas áreas das cordilleiras por enriba do límite das neves perpetuas e dos que a parte inferior se desliza moi lentamente, como se fose un río de xeo, producindo erosión por ablación. Son herdanzas das últimas glaciacións, hoxe en risco de desaparición, por mor do quecemento global. En España, os glaciares pirenaicos, de seguir así, desaparecerán para 2050.

21. Ría: Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. Exemplos característicos son as rías galegas: Altas e Baixas.

22. Zócolo.- Chaira ou meseta formada na era primaria ou paleozoico, como resultado do aplanamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nesta era. Os materiais paleozoicos son rochas silíceas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Son ríxidas e ante novos empuxes oroxénicos fractúranse ou rompen. Na actualidade, os zócolos constitúen relevos horizontais que ocupan extensas áreas na metade occidental da Península.

23. Cordilleiras de pregamento.- Grandes elevacións montañosas que xurdiron na oroxénese da era terciaria polo pregamento de materiais sedimentarios calcarios, depositados polo mar na era secundaria. Distínguense 2 tipos: -Cordilleiras intermedias, pregamento de materiais depositados nos bordos dos zócolos (Sistema Ibérico e parte oriental da cordilleira Cantábrica); - cordilleiras alpinas, pregamento de materiais depositados en xeosinclinais ou fosas mariñas longas e profundas (Pireneos e cordilleiras Béticas). Teñen fortes pendentes e formas escarpadas.

24. Cuncas sedimentarias ou depresións.- Zonas afundidas formadas na era terciaria e cheas con sedimentos de calcaria, arxila, arenitos e margas. As cuncas sedimentarias son de 2 tipos: as cuncas sedimentarias formadas polo afundimento dun bloque dun zócolo a causa das presións oroxénicas da era terciaria (depresións das mesetas do Douro, Texo e Guadiana); e as depresións prealpinas, localizadas a ambos os lados das cordilleiras alpinas (depresións do Ebro e do Guadalquivir). As cuncas sedimentarias son relevos horizontais ou suavemente inclinados porque non foron afectados por oroxénese posteriores.

25. Aridez: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

26. Barlovento.- aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

27. Inversión térmica.-incremento da temperatura do ar ao aumentar a altura, cando debera de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O ar máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con ar en calma e ceodespexado nunha situación anticiclónica invernal.

28. Isóbara.- É unha isoliña que, nun mapa meteorolóxico, une os puntos que teñen a mesma presión atmosférica ao nivel do mar. O conxunto de todas elas configuran os cambios de presión. Habitualmente represéntanse os múltiplos de 4 hPa (hectopascals) ou mb (milibares) (1000, 1004, 1008, 1012,...), unidade de medida da presión.

29. Isohieta: isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas.

30. DANA / DINA / Gota fría.- DANA / DINA é o acrónimo de "depresión illada en niveis altos" da atmosfera. É unha "gota fría" que se illou e desprende do Jet Stream e provoca habitualmente choivas torrenciais por mor da convección atmosférica. É cada vez máis habitual nos períodos desde finais de primavera ata comezos do outono na cunca mediterránea, onde a mestura de aire quente en superficie e aire frío en altura dá lugar a situacións atmosféricas treboentas.

31. Emerxencia climática.- Caracterización das consecuencias do quecemento global, acentuado no Antropoceno, a causa das emisións de gases de efecto invernadoiro por mor do consumo masivo de combustibles fósiles. Diversos activistas como Greta Thunberg e Extinction Rebellion fan fincapé nas consecuencias do desxeo polar, o incremento do nivel do mar,... e solicitan aos gobernos mundiais a posta en práctica de políticas ecoloxistas que reduzan os riscos medioambientais.

32. AMOC.- Acrónimo de Atlantic Meridional Overturning Circulation, cinta transportadora de calor que facilita a suavidade térmica en Europa occidental. Esta estase a ver diluída pola fusión de xeo ártico nas costas de Groenlandia; en consecuencia, o aporte de auga doce ralentiza a corrente do Golfo, que pouco a pouco desaparecería.

33. Vexetación clímax, natural ou climática.- Vexetación que se ten establecido por si mesma nun determinado ambiente, cunhas determinadas condicións climáticas, sen intervención da man do home; é, polo tanto, unha vexetación en estado de equilibrio dun ecosistema local, a que medra de xeito espontáneo sen intervención antrópica. Hoxe en día, por mor das repoboacións forestais e outros mecanismos da silvicultura, está en retroceso en todos os ecosistemas do planeta.

34. Cunca fluvial ou hidrográfica.- A porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas -liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que soe coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-.

35. Estiaxe.- Caudal mínimo que acada un río ou lagoa en determinadas épocas do ano, debido especificamente á seca. O termo deriva de estío ou verán, período do ano en que se producen as mínimas precipitacións no clima mediterráneo, predominante na Península Ibérica. A estiaxe está asociada non só ao déficit de precipitacións, senón tamén ao incremento da evapotranspiración por elevación das temperaturas medias.

36. Marisma.- Terreo pantanoso situado por debaixo do nivel do mar, con auga salgada de procedencia mariña.

37. Acuífero.- Formación constituída por unha ou máis capas de rochas, capaz de almacenar e ceder auga infiltrada no solo. Os acuíferos son permeables e gardan auga coterránea que se transmite a lagos, pantanos, fontes e pozos. A súa sobreexplotación para regadío fainos estar no punto de mira da sostibilidade ambiental.

38. Desalgadora.- Planta que produce auga doce a partir da auga salgada mariña. No litoral mediterráneo, onde a cantidade de precipitación recibida é escasa para atender ás necesidades de consumo dunha poboación en medra, trátase dunha solución para o abastecemento de auga doce con diferentes usos vencellados, sobre todo, ao consumo humano.

39. Mapa topográfico. Representación a escala da realidade, habitualmente a 1:25.000 ou 1:50.000, no que mediante curvas de nivel se amosan as variacións en modelado e altitude do relevo; tamén inclúen información sobre a rede hidrográfica, a vexetación e os cultivos; as localidades e vías de comunicación; algunhas actividades económicas relevantes,...

40. Espazos naturais protexidos. Áreas terrestres ou mariñas con valores naturais sobresaíntes, especialmente protexidas polos seus valores florísticos, faunísticos e culturais. Gozan dun réxime xurídico especial e maniféstanse na creación de parques nacionais, parques naturais, LIC's, ZEPAs, xeoparques, espazos da Rede Natura 2000, etc. En España, case o 25% do territorio goza de algún tipo de protección deste estilo.

41. Warming stripes. Código de barras ideado polo climatólogo Ed Hawkins, axeitado para visibilizar o quecemento global nas dúas últimas centurias, momento da extensión europea da revolución industrial. A través de cores que van desde o azul intenso ao vermello acentuado, indícanse os anos máis cálidos e frescos da serie, co que se observa a acentuación do quecemento global no século XXI, con respecto ás temperaturas medias iniciais. O día 21 de xuño celébrase o día internacional das warming stripes.

BLOQUE 3

42. Poboación activa.- É aquel sector da poboación que se atopa en idade apta para traballar (16 a 65 anos). Se está empregada denomínase poboación activa ocupada; se está en paro, poboación activa desocupada ou desempregada.

43. Esperanza de vida: Cálculo do número de anos que un individuo pode esperar vivir ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Obtense a partir das táboas de mortalidade. A esperanza de vida é maior nas mulleres que nos homes, situándose en 2022 en 85,9 anos para as mulleres e 80,4 para os homes (en España).

44. Réxime demográfico.- Período correspondente ao modelo de transición demográfica cunhas determinadas características canto ao comportamento da natalidade e da mortalidade, coa conseguinte repercusión no crecemento natural ou vexetativo. No antigo réxime demográfico, as altas taxas de natalidade e mortalidade dan lugar a un crecemento vexetativo escaso. No réxime demográfico moderno, as taxas de natalidade e mortalidade son moi baixas.

45. Crecemento vexetativo ou natural dunha poboación.- Diferenza entre o número de nacementos e o número de defuncións dunha poboación nun determinado período de tempo. Calcúlase restando á taxa de natalidade a taxa de mortalidade. A taxa de crecemento vexetativo considérase alta se supera o 4%, moderada se está entre o 1% e o 2%, e baixa se é inferior ao 1%.

46. Padrón municipal de habitantes.- Rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada cá do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan.

47. Inverno demográfico.- Situación que se produce actualmente en países que están no réxime demográfico moderno, con taxas de fecundidade que están por debaixo da taxa de reposición (2,1 fillos por muller), o que provoca un avellentamento da poboación e a necesidade de favorecer a inmigración de cara a cubrir os postos de traballo necesarios para o funcionamento da economía. Esta problemática é significativa nos países máis avanzados da UE e Xapón, así como tamén en Rusia.

48. Área metropolitana.- Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome á área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades-dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

49. Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).- Instrumento de ordenación integral doterritorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Adoita ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

50. Xentificación.- (termo británico: gentrification) É o proceso co que coñecemos as transformacións producidas no interior de certos barrios do casco histórico, mediante as cales estes sectores antes marxinais e con poboación de escasos recursos se ve substituída por grupos sociais de alto poder adquisitivo. Estes grupos levaron a cabo a rehabilitación e posta en valor de espazos centrais que adquiren un novo pulo por mor da súa centralidade. A revalorización do solo residencial do casco histórico a finais do século XX está asociada a este proceso, aínda que nos cascos históricos conviven grupos de baixo nivel de renda e alugueres de renda antiga en edificacións moito máis deterioradas.

51. Cidade difusa.- Modelo de desenvolvemento urbano de inspiración anglosaxoa, que se caracteriza por unha expansión do tecido urbano, con menor densidade de edificación, ao longo das áreas metropolitanas e contornas rururbanas. Na súa superficie configúranse áreas segregadas, especializadas en funcións residenciais, comerciais e industriais. A "ideoloxía clorofila" dominante a finais do século XX expandiu este modelo en España, que se adaptaba tradicionalmente ao modelo de cidade compacta mediterránea.

52. Cidade de 15 minutos.- Modelo de planificación urbanística sostible, lanzado na COP21 de París (2015), e caracterizado por promover un deseño urbano que facilite o acceso ás necesidades básicas (traballo, vivenda, alimentación, saúde, educación, cultura lecer) baseado na proximidade e nos desprazamentos a pé ou en bicicleta, menos contaminantes. Outro modelo sostible é tamén o das "supermazás" postas en práctica na cidade de Barcelona.

BLOQUE 4

53. Agricultura ecolóxica.- Sistema para cultivar unha explotación agrícola autónoma, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para fertilizante nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos orgánicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio.

54. Denominación de orixe.- É un tipo de indicación xeográfica aplicada a un produto agrícola do que a calidade ou características se deben fundamental e exclusivamente ao medio xeográfico no que se produce, transforma e elabora. Os produtores que se acollen á denominación de orixe comprométense a manter a calidade o máis alta posible e manter certos usos tradicionais na produción. Un consello regulador autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren as regras. Esta figura facilita o acceso de produtores a mercados nacionais e internacionais.

55. Silvicultura.- Actividade que trata do cultivo demontes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais -susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos-e o desenvolvemento de espazosrecreativos.

56. FEAGA.- Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria, é o organismo da UE que apoia aos agricultores a través de diferentes réximes de pago, por emprego de métodos agrícolas sostibles e pago aos xoves agricultores. Os pagos están suxeitos ao cumprimento das normas da UE sobre seguridade alimentaria, protección medioambiental e benestar animal. O FEAGA financia tamén medidas paea estabilizar os mercados agrícolas e apoio ás rexións ultraperiféricas.

57. Caladoiro. Zona marítima na que os pescadores botan as súas redes, dada a existencia de condicións que facilitan a abundancia de pesca. A principal actividade que se realiza neles é a extracción e manipulación de produtos mariños. Aparte dos caladoiros nacionais (Noroeste, Canarias, golfo de Cádiz,...), a flota española faena en caladoiros internacionais do Atlántico e do Pacífico, mediante acordos cos estados litorais que teñen ampliado as súas zonas económicas exclusivas.

58. Acuicultura. Actividade baseada na cría e cultivo de organismos acuáticos, animais e vexetais (peixes, moluscos, crustáceos, algas,...), en ambientes controlados, ben sexa de auga doce ou salgada. Hoxe representa máis da metade dos produtos mariños consumidos pola humanidade. Está moi extendida nas rías galegas, nas que as bateas de mexillóns forman parte habitual da paisaxe.

59. PPC (Política Pesqueira Común). Política da UE tendente a garantir que as actividades da pesca e da acuicultura sexan sostibles ambientalmente a longo prazo, para o que se fixan cotas anuais, tipos de redes utilizadas e paradas reprodutivas para a recuperación das especies.

60. Enerxías renovables.- Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

61. Industria 4.0.- A Cuarta Revolución Industrial, actualmente en marcha, implica a utilización de novas tecnoloxías como a robótica, a intelixencia artificial, a nanotecnoloxía e o internet das cousas, entre outras. Todo iso debe repercutir nunha automatización das tarefas e unha dixitalización industrial que quizás reverta o proceso de deslocalización industrial promovido polo neoliberalismo de finais do século XX.

62. Deslocalización industrial.- Traslado dunha actividade industrial dun país ou rexión a outro lugar, coa finalidade de abaratar custes. Co proceso de globalización da economía posto en marcha polas políticas neoliberais, moitas grandes empresas dos países máis ricos aproveitaron esta estratexia para situar as súas plantas de produción en países menos desenvolvidos, onde os salarios son máis baixos.

63. Descarbonización.- Política enerxética consistente na redución paulatina das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) xeradas pola actividade humana. Implica o peche, por exemplo, de centrais térmicas baseadas na combustión de carbón, á par que se fomenta o incremento de enerxía xerada a partir da utilización de enerxías renovables (hidroeléctrica, eólica, solar,...).

64. Balanza comercial.- É o rexistro de importacións e exportacións dun país nun determinado período. O saldo da balanza comercial é a diferenza do total das exportacións e o total das importacións que se manexan nun país. É excedentaria cando o valor das exportacións supera ao das importacións; é deficitaria en caso contrario.

65. Ecoturismo.- Tendencia do turismo alternativo, diferente ao turismo tradicional. Nestas actividades turísticas privilexiase a sustentabilidade, apreservación, a apreciación do medio natural e cultural; preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o medio e comunidade local, e mantendo sempre un respecto ético polas leis laborais e os dereitos humanos dos traballadores implicados.

66. Economía sumerxida.- Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e ás leis e normativas laborais.

67. Turismofobia.- Fenómeno caracterizado polo rexeitamento das poboacións locais do turismo masivo, que xera grandes incomodidades e dificultades aos residentes. Cando nun destino turístico se produce masificación e se desborda a capacidade de carga sobre os recursos medioambientais e mesmo a vivenda, as protestas arrecian e o malestar está próximo á fobia.

68. Fenda dixital.- Desigualdade existente entre as persoas respecto ás posibilidades de acceso, calidade e formación no uso das TIC's (tecnoloxías da información e comunicación). Esta desigualdade dáse entre grupos de desigual condición socio-económica e entre habitantes das zonas rurais e urbanas, dado que a cobertura de internet é ben mellor en áreas densamente poboadas.

69. Plataforma loxística. É unha zona delimitada na que se centralizan e xestionan actividades relacionadas co transporte e a distribución de mercadorías. Son nodos clave na recepción, almacenamento, preparación e expedición de produtos, a nivel nacional e internacional. Despois da crise ocasionada pola pandemia de COVID-19, téñense desenvolvido enormemente en España.

70. Economía colaborativa (economía circular). Modelo económico baseado no intercambio e uso compartido de bens e servizos infrautilizados a través de plataformas dixitais, reducindo os custos e o desperdicio. Vincúlase coa economía circular, que promove o aproveitamento dos recursos, a reutilización e a redución de residuos para favorecer a sustentabilidade dado o esgotamento de materias primas e recursos enerxéticos.

En negro: 1ª avaliación.

En azul: 2ª avaliación

En púrpura: 3ª avaliación.